


Escribo unha invitación de aniversario

1 Le o texto e contesta.



- Quen escribiu a invitación? _____
- Para quen é a invitación? _____
- Que día vai ser a festa? _____
- A que hora vai comezar? _____
- En que lugar se vai celebrar? _____

2 Que datos non poden faltar na invitación? Une.

Na invitación non poden faltar...

... os xogos que se farán na festa.

... o día, a hora e o lugar da festa.

3 Responde como queiras para escribir a túa invitación de aniversario.

- Que día vas celebrar o teu aniversario?

- Onde che gustaría celebralo?

4 Que dirías ao final da túa invitación? Subliña a opción que queiras.

- Espérote!
- Vai ser moi divertido!
- Non podes faltar!



5 Invita a alguén ao teu aniversario seguindo o modelo da actividade 1.

Adorna a invitación ao teu gusto e asínaa.



COMPROBO O MEU PROGRESO

1

1 Escribe unha palabra de cada tipo usando estas letras.



De 3 letras _____

De 4 letras _____

De 7 letras _____

De 8 letras _____

2 Completa cada serie seguindo a orde alfabética.

a _____ c _____ e _____

g _____ i _____ m _____

t _____ v _____

3 Completa con c ou qu.



_____ couteiro



cro_____etas



_____ cupula



es_____is

4 Arrodea as palabras anteriores seguindo o código.



Escribense con c



Escribense con qu



COMO O FIXEN? Colorea _____ ou _____.

► Ordenei ben series de letras do alfabeto. _____

► Completei palabras con c e qu. _____

► Lin textos con boa entoación. _____

Melloro a lectura

▶ Escoita e marca a oración que se leu ben. Despois, le as dúas en voz alta.

☐ Hoxe vai un día marabilloso. ☐ A familia marcha de excursión.

▶ Le o texto intentando non soletrear, é dicir, sen partir as palabras.

Unha familia numerosa

Pola mañá, o señor Bigotes sacou a cabeza fóra da **tobeira**. Mirou arredor e ensinou os dentes nun sorriso. Nin unha nube manchaba o ceo azulísimo e unha brisa suave levaba o recendo de mil plantas aromáticas: romeu, lavanda, tomiño, fiúncho... Era un día perfecto para unha excursión familiar!

O señor Bigotes volveu para dentro e espertou a súa señora, que aínda durmía.

–Arriba, Dentiños! Vai un día precioso!

–E que? –preguntou a señora Dentiños, tapando os ollos coas orellas-. Non podemos gozar do día precioso un **chisco** máis tarde?

–Sabes perfectamente que non –contestou o señor Bigotes-. Érguete dunha vez!

Á pobre señora Dentiños non lle quedou outro remedio ca erguerse. Poucos minutos despois, a parella **afanábase** en esperar os seus fillos:

–Branco, Negro, Boneca, Neve! –berrou a señora Dentiños.

–Roxo, Tambor, Perla, Garavanzo! –berrou o señor Bigotes.

–Flor, Estrela, Lúa, Sol! –berrou a señora Dentiños.

–Día, Noite, Nube, Algodón! –berrou o señor Bigotes.



Mentres as dezaseis criaturas almorzaban, Dentiños e Bigotes non paraban quietos: peiteaban un, limpábanlle as orellas a outro, cortábanlle as uñas ao de máis alá... Canto traballíño!

Cando estiveron todos a punto, a señora Dentiños saíu da tobeira e colocouse fóra, **ao carón** do furado, para collelos. Desde abaixo, o señor Bigotes comezou a **empurrar** as dezaseis criaturas cara arriba unha a unha.

Canta paciencia lle cumpría, mi madriña!

Branca e Perla protestaban. Boneca e Tambor **escorregaron** mil veces. Roxo e Neve caeron sobre Negro e Garavanzo. Flor e Lúa caían co sono. Estrela e Noite encabuxáronse. Sol e Nube choromicaban. Día e Algodón non paraban de rir. Que desfeita!

Cando por fin deron saído todos fóra, para o prado, o sol estaba xa moi alto no medio do ceo.

–E aínda querías durmir máis, Dentiños? –suspirou o señor Bigotes-. Habíasenos facer de noite antes de comezar a excursión!

Busca as palabras destacadas en O meu primeiro dicionario, ao final do libro.



COMPARO E CONTRASTO

Contesta.

▶ Cantos membros forman a familia dos coellos? Cantas persoas forman a túa familia?

▶ Tes irmáns ou cumáns? Que fas con eles?

▶ Pensa e explica vantaxes e inconvenientes de ter unha familia moi numerosa.



1 Lembra e escribe.

- Quen espertou primeiro aquel día?
- Que pensou facer ao ver o tempo?

2 Quen o di? Une.

Non podemos gozar do día precioso un **chisco** máis tarde?

señor Bigotes



Vai un día precioso!

Señora Dentiños

3 Escribe V se é verdadeiro ou F se é falso.

- ☐ O señor Bigotes e a señora Dentiños teñen dezaseis fillos.
- ☐ Os fillos do señor Bigotes e da señora Dentiños amáñanse sós.
- ☐ Para saír da tobeira, o señor Bigotes empurra os fillos desde dentro e a señora Dentiños cólleos desde fóra.
- ☐ Cando toda a familia está fóra, o sol aínda non saíu.

4 VOCABULARIO. Que lles ocorreu a estes coelliños? Numera.

1. escorregaron ☐

2. encabuxáronse ☐

3. choromicaban ☐



1 Cantos golpes de voz utilizan o rapaz e a rapaza para dicir o seu nome? Escribe o número.

Sabela golpes de voz.

Xurxo golpes de voz.

Sa-be-la

Xur-xo



Palabras e sílabas

As **palabras** están formadas por sílabas. Unha **sílaba** é cada golpe de voz con que pronunciamos unha palabra. Cada sílaba contén polo menos unha vogal.



2 Completa cada palabra coa sílaba que corresponda.

chi
ra
cal

manguei

deiro

mo la

3 Clasifica estas palabras segundo o seu número de sílabas.

val

folia

cogomelo

carballo

espiña

bolboreta

sol

terra

TEÑEN 1
SÍLABA

TEÑEN 2
SÍLABAS

TEÑEN 3
SÍLABAS

TEÑEN MÁIS
DE 3 SÍLABAS

1 Le e clasifica as palabras destacadas.

Fomos de excursión ao bosque e vimos bolboretas, xoaniñas, caracois... E unha **eiruga** preciosa! Tamén vimos unha **aguia** voando, pero moi lonxe. E **Diego** dixo que vira un **canguro** bebendo nun **regueiro** e eu contesteille: «Sí, home, e un **pingüín** tamén, se che parece!». Que bromista!



ga	→	_____	gue	→	_____
go	→	_____	gui	→	_____
gu	→	_____	gü	→	_____

► Fíxate nas palabras que clasificaches e responde.

- Soa o **u** nas palabras con **gue** e **gui**?
- E na palabra con **gü**?

Palabras con **g**, **gu** e **gü**

Escribese **g** diante de **a**, **o**, **u**: **ga**, **go**, **gu**.

Escribese **gu** diante de **e**, **i**, cando o **u** non soa: **gue**, **gui**.

Escribese **gü** diante de **e**, **i** cando o **u** soa: **güe**, **güi**.

g **gu**
gü

2 Completa con **g**, **gu** e **gü**.



• a _____ ulla



• fo _____ ete



• pira _____ ista



• para _____ as

3 Copia substituíndo as imaxes pola palabra que corresponda.

margaridas

guantes

guitarra

fogueira

Gustavo toca a  ao lado da .

Domingos colle  cos  postos.

4 **DITADO.** Prepara o ditado para facelo no caderno. Fíxate nas palabras que conteñen **g**, **gu** ou **gü**.

Encontro na lagoa

Onte, camiñando pola fraga, cheguei ata a lagoa. Alí atopei a Guillermo e a Águeda, con súa nai, e a algúns amigos de Sigüeiro. Todos estaban practicando piragüismo.



Melloro a ortografía

► Como se escriben, con **gu** ou con **gü**? Le e coloreá.

Quen fala dúas linguas é .

Quen fala tres linguas é .

